



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP “XOSÉ NEIRA VILAS”

Barrio Peroleira, nº 34. Peiteiros (Gondomar) – 36389
Telf.: 886 11 02 20 - Fax: 886 11 02 23 - E-mail: cep.neira.vilas@edu.xunta.es

PLAN DE IGUALDADE

2019/2020

| | |
|--|----------|
| 1.- Introducción | 2 |
| 2.- Contextualización normativa e do centro | 2 |
| 3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia | 3 |
| 3.1.- Representación de profesorado e persoal non docente nos distintos órganos de decisión | 3 |
| 3.2.- Matrícula nos distintos niveis | 3 |
| 3.3.- Resultados académicos obtidos | 3 |
| 3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia | 3 |
| 3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar | 4 |
| 3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar) | 4 |
| 3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias | 4 |
| 4. Obxectivos coeducativos | 4 |
| 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes | 4 |
| 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero | 4 |
| 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual | 5 |
| 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia | 5 |
| 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos | 5 |
| 5.1. Organización do centro | 5 |
| 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes | 5 |
| 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo | 5 |
| 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar | 5 |
| 6. Seguimento e avaliación | 6 |

1.- Introducción

Para alcanzar un modelo de escola coeducativa, tanto o Departamento de Educación, como os centros e a comunidade educativa en xeral, deben traballar conxuntamente basándose na normativa existente. Esta recolle as obrigas e as recomendacións que deben acordarse nos plans e documentos estratéxicos como pode ser este Plan de Igualdade.

Existen aspectos ós que as citadas normas fan referencia, poden destacarse: os contidos do currículo, materiais didácticos, a capacitación do persoal do sistema educativo, a figura do responsable de igualdade, e medidas dirixidas a actuar ante a violencia de xénero.

Coeducar implica educar sen diferenzar en función do sexo, basándonos en crear relacións de respecto, e unha efectiva igualdade de oportunidades entre nenos e nenas. Os obxectivos son claros: previr todo tipo de situacións de violencia, evitar condutas discriminatorias, acabar coa desigualdade e superar os prexuizos sexistas, transmitindo valores baseados na paz e na igualdade real, onde teña cabida a diversidade. Conseguiremos así, non só unha mellor convivencia, senon tamén unha sociedade máis igualitaria.

O noso Plan de Igualdade realizouse seguindo as directrices da Instrución do 6 de setembro de 2019 da CEUFP, polo que tratamos de dar resposta á promoción da igualdade de xénero, a coeducación e á prevención da violencia de xénero no centro educativo, apoiándonos nos tres pilares básicos de respecto, liberdade e igualdade.

2.- Contextualización normativa e do centro

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación *“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”*. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a *“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”*.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos *“prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo – sexual”*.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

3.1.- Representación de profesorado e persoal non docente nos distintos órganos de decisión

Claustro de profesores/as: 20 mestras e 3 mestres.

Equipo directivo: Directora, Xefa de estudos e Secretaria.

Consello Escolar: 13 mulleres e 2 homes.

Persoal non docente: unha coidadora, un conserxe, e dúas limpiadoras.

3.2.- Matrícula nos distintos niveis

O alumnado repártese por aulas o máis equilibrado posible. O total de alumnos é de 88 e o total de alumnas é de 89. Alumnado total 177.

1º nivel: 12 nenos e 9 nenas

2º nivel: 13 nenos e 17 nenas

3º nivel: 17 nenos e 17 nenas

4º nivel: 18 nenos e 12 nenas

5º nivel: 16 nenos e 16 nenas

6º nivel: 12 nenos e 18 nenas

3.3.- Resultados académicos obtidos

Os resultados académicos obtidos no curso 2018/2019 foron satisfactorios, promocionando todo o alumnado agás 2 alumnos de 6ºEP e unha alumna de 3ºEP.

3.4.- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia

No centro non existe ningún alumno/a en risco de exclusión social. Pero si que existe moito alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

1º nivel: 3 nenos e 1 nena con dificultades de aprendizaxe

2º nivel: 2 nenos e 6 nenas con dificultades de aprendizaxe

3º nivel: 6 nenos con TEA e/ou TDAH e 5 nenas con dific. Aprendiz., ACs e/ou TXD.

4º nivel: 4 nenos con TEA e/ou dific. Aprendiz. e 3 nenas con ACs e/ou dific. Aprendiz.

5º nivel: 5 nenos ACs e/ou TEA e/ou dific. Aprendiz. e/ou TDAH e 1 nena con dific. Aprendiz.

6º nivel: 3 nenos con TEA e/ou ACs e Escolarización Combinada e 1 nena con AC.

3.5.- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar

No centro non existe nin abandono nin absentismo escolar.

3.6.- Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar)

O curso pasado matriculáronse no centro dous alumnos que presentan conductas contrarias á convivencia. Un deles diagnosticado con TDAH e trastorno de conducta, e o outro con TDAH. En ambos casos rexístranse Partes de incidencias e está activado o Plan de convivencia. Nos casos de agresión, o alumno queda apartado do grupo e fai traballo de habilidades sociais co mestre/a de garda.

3.7.- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias

Máis da metade do alumnado participa en actividades extraescolares (pintura, taekwondo, inglés, baile, cociña e natación), xestionadas pola ANPA. Analizando as listas, atopamos que a maioría do alumnado participante son nenas, agás en inglés e natación que é unha participación equitativa.

Estas actividades realízanse nas instalacións do noso centro (agás natación).

4. Obxectivos coeducativos

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Obxectivo 1.1. Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.

Obxectivo 1.4. Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.

Obxectivo 1.5. Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

Obxectivo 2.4. Poñer a disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.

Obxectivo 2.6. Actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polos centros de ensino no marco deste plan.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Obxectivo 5.3. Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc)

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Obxectivo 4.1. Establecer de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBTIfobia

Obxectivo 6.6. Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do centro

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisar o material didáctico empregado na aula.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización das familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Difundir información a través dun taboleiro no centro e da páxina web.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Promover a prevención ante a discriminación por razóns de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.

6. Seguimento e avaliación

| Medidas | Indicadores | Propostas de mellora (á espera da avaliación final) |
|--|---|---|
| Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. | Nomeado: sí/non | |
| Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade. | Ligazóns en que se difunde | |
| Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. | N.º de accións % profesorado % alumnado % familias | |
| Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro. | N.º documentos revisados respecto da linguaxe inclusiva | |
| Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar. | N.º talleres/actividades % alumnado | |
| Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero. | N.º documentos actualizados | |
| Revisar o material didáctico empregado na aula. | N.º materiais revisados por curso | |
| Realizar actividades de sensibilización na aula. | N.º talleres/actividades realizadas | |
| Realizar actividades de información e sensibilización das familias. | N.º talleres/actividades realizadas % participantes | |
| Difundir información a través dun taboleiro no centro e da páxina web. | Creado: sí/non Difusión da ligazón | |
| Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar. | N.º fondos incorporados á biblioteca escolar relacionados coa coeducación | |
| Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real. | N.º talleres/actividades de sensibilización | |
| Promover a prevención ante a discriminación por razóns de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional. | N.º de accións realizadas para promover e previr a discriminación | |

| | | |
|--|---|--|
| Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes. | N.º de accións realizadas para promover respecto | |
| Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc. | N.º de accións realizadas para promover o coidado da contorna | |
| Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero. | N.º de accións realizadas para promover o respecto cara a diversidade | |
| Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas. | N.º de accións realizadas para promover as novas metodoloxías | |
| Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas. | N.º de accións realizadas para promover a corresponsabilidade | |